



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E CONCELLO DE LAXE PARA OBRAS DE MELLORA NA CANTINA E NO PECHE DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL ROGELIO MARTÍNEZ

I. Departamento que tramita o convenio.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Laxe para a instalación de carpintería de cerramento en cantina e mellora de peche do campo de fútbol municipal "Rogelio Martínez".

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e



instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

III. Finalidade.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Laxe o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

IV. Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Laxe obras de mellora na cantina e no peche do campo de fútbol municipal "Rogelio Martínez" cuxa desagregación se inclúe no anexo I do convenio, do cal forma parte.

V. Fundamentos do convenio.

O Concello de Laxe manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a instalación de carpintería de cerramento en cantina e mellora de peche do campo de fútbol municipal Rogelio Martínez.

O campo municipal de fútbol Rogelio Martínez o cal se atopa no núcleo urbano do Concello de Laxe localízase na zona denominada O Cabo da Area, próximo ao pavillón, colexio e instituto municipais. A edificación conta cunha antigüidade superior aos 15 anos.

Neste campo conta na súa cara norte con unhas gradas de formigón prefabricado, cubertas con panel sándwich. Na parte superior das gradas dispónse a cantina do campo, a cal se conta aberta a intemperie o os efectos meteorolóxicos adversos.

As obras que se pretenden executar son dúas:





1. Instalación de unha carpintería de aluminio acristalada para realizar un recinto cerrado na zona de cantina que comprende el descanso detrás de los bancos.
2. Retirada e reposición de malla tipo héracles na zona Nordeste do campo de fútbol.

O Concello de Laxe como administración local encargada de velar polos intereses da veciñanza, solicita esta axuda xa que as actuacións a executar son de interese público e económico ao afectar a un número moi importante de veciños/as, estimándose que nun ano fan uso da instalación tanto para facer deporte como de meros espectadores de eventos deportivos máis de 10.000 persoas.

As melloras en infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais como é o caso do campo de fútbol municipal "Rogelio Martínez", ofrecen unha ampla gama de beneficios xerais, tanto para os gobernos locais como para os cidadáns. Entre eses beneficios destácase:

1. EFICIENCIA NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS

As melloras en infraestruturas permiten optimizar os servizos municipais, reduce os tempos de resposta e mellora a eficacia do servizo deportivo, beneficiando á comunidade.

2. REDUCCIÓN DE CUSTOS A LONGO PRAZO

Aínda que as melloras en infraestruturas van requirir un investimento inicial significativo, estas poden xerar aforros a longo prazo ao reducir os custos operativos, de mantemento e reparación. A valla perimetral do campo de fútbol require un gran gasto de reparación constante ao longo do ano. Infraestruturas máis modernas requiren menor mantemento.

3. MELLORA DA CALIDADE DE VIDA





Infraestruturas melloradas, como a instalación de unha carpintería de aluminio acristalada para realizar un recinto cerrado na zona de cantina que comprende os bancos, melloran a calidade de vida dos espectadores que acoden continuamente a ver os partidos de fútbol ou a agardar a que rematen os nenos/as os adestramentos deportivos.

4. AUMENTO DA SEGURIDADE

Unha infraestrutura adecuada, como a retirada e reposición de malla tipo héracles na zona nordeste do campo de fútbol, mellora a seguridade pública. Isto pode reducir accidentes, facilitar a resposta a emerxencias e diminuír os índices de criminalidade e acceso non permitido.

5. DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

As infraestruturas modernas e eficientes atraen investimentos e fomentan o crecemento económico local. Mellorar coa instalación de unha carpintería de aluminio acristalada para realizar un recinto cerrado na zona de cantina e a retirada e reposición de malla tipo héracles na zona Nordeste do campo de fútbol, facilita a creación de novos negocios, o turismo e a xeración de emprego.

6. INCLUSIÓN SOCIAL

Infraestruturas accesibles, seguras e protexidas coma as obras que se pretenden realizar permiten unha mellor integración de grupos vulnerables, como persoas con discapacidade ou da terceira idade, asegurando que poidan acceder sen dificultades ao campo de fútbol municipal.

7. FOMENTO DO TURISMO

Mellores infraestruturas urbanas como o campo de fútbol non só benefician aos residentes, senón que tamén poden facer que Laxe sexa máis atractiva para os





turistas, impulsando o turismo local e as economías relacionadas.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Laxe de afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia





de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Laxe.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuación da subvención

1. Instalación de unha carpintería de aluminio acristalada para realizar un recinto cerrado na zona de cantina que comprende el descanso detrás de los bancos.
2. Retirada e reposición de malla tipo héracles na zona Nordeste do campo de fútbol.

VII. Importe e aplicación orzamentaria.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima dezoito mil euros (18.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 35.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 90% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a vinte mil euros (20.000€), IVE incluído.

O Concello de Laxe achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a





cantidade de dous mil euros (2,000€), que supón o 10 % do orzamento total da actuación obxecto deste convenio, que se imputarán con cargo á partida municipal 2024.340.632.00 do seu orzamento de gastos para o exercicio 2024.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

